



2010 Ano de Miguel Hernández
Poeta da solidariedade

"Nanas de la cebolla"

Es tu risa la espada
más victoriosa,
vencedor de las flores
y las alondras.
Rival del sol.
Porvenir de mis huesos
y de mi amor.

Desperté de ser niño:
nunca despiertes.
triste llevo la boca.
Ríete siempre.
Siempre en la cuna,
defendiendo la risa
pluma por pluma.

(Miguel Hernández)



(Isla del Sol, Lago Titicaca. Bolivia)

"Que a poesía nos contaxie a solidariedade
coa forza da palabra"

BO NADAL E VENTUROSO ANO NOVO.

GUÍA A ESPERELA NADAL 2009

2º Ciclo ESO e Bacharelato



Agasallos para "apalpar" na paz das vacacións de Nadal.
Gabea pola árbore da lectura, "apalpa" as follas de aventuras
incríveis, goza, comparte, vive.

(Saborea a historia do Apalpador no taboleiro do ENDL)

Unha visita para toda a familia. "Ruth Matilda Anderson.
Unha mirada de antano", Exposición de fotos sobre a Galicia de
comezos do século XX. Sala de exposicións: Fundación Caixa Galicia
(A Coruña) <http://www.fundacioncaixagalicia.org/>




Sol de invierno. Rosa Aneiros. Debuxa o periplo vital dunha personaxe: Inverno. Habita diversos escenarios que nos conducen desde a perdida aldea de Antes ata Barcelona, para relatarnos a crueldade da guerra e logo as circunstancias da fuxida a Francia. Será en Cuba onde atopemos o pouso da emigración.



Pirata. María Reimóndez. Unha novela que fala da busca da identidade, da loita atroz pola liberdade en tempos difíciles e da esperanza de poderse sentir no fogar, mesmo nos lugares máis insospeitados.

M. Hernández. "El silbo vulnerado" y "Cancionero y romancero de ausencias". Dúas obras imprescindibles para coñecer a obra deste poeta.



Firmin. S. Savage. O protagonista, é un roedor que, por azares familiares e por necesidade alimentaria, se converte nun lector compulsivo. "Todo o mundo ten dous aspectos: o escuro e o luminoso. Telos ti, téñenos eles, téñoos eu. Ninguén se libra".



La caligrafía secreta. César Mallorquí. A desaparición dun vello amigo, o levantamento do pobo francés, o achado dunha caligrafía que oculta un terrible segredo, o medo, a tolemia, o suicidio, a morte...



Aire Negro. A. Fernández Paz. O Dr. Moldes comeza a traballar nunha clínica psiquiátrica, ten como primeira paciente a Laura Novo, unha muller que pasa o día enteiro escribindo de xeito compulsivo o seu nome, aferrada a el coma se fose o único resto dalgún ignorado naufraxio.

CÓMICS

Tres sombras. Pedrosa, Cyril. Narra a historia dun pai que para salvar a vida do seu fillo de tres misteriosas sombras que veñen a por el, decide fuxir e cruzar o océano coa esperanza de evitar así tan funesto destino.




Barrio lejano. Taniguchi, Jiro. Quen non soñou con regresar á infancia? É o que lle pasa a este home maduro que á volta dunha viaxe de negocios, dá un rodeo involuntario pola súa cidade natal.

El eternauta. Osterheld-Solano. A historieta máis exitosa, famosa e espectacular que fora creada na Arxentina. A historia de Juan Salvo e a súa trágica aventura, que o perdeu no espazo-tempo; a historia da invasión dos "Eles" á Terra.



Arrugas. Roca, Paco. Premio Nacional do Cómic 2008 Emilio, un antigo executivo bancario, é internado nunha residencia de anciáns pola súa familia tras sufrir unha nova crise de Alzheimer. Alí, aprende a convivir cos seus novos compañeiros, cada un cun cadro clínico e un carácter ben distinto, e cos coidadores que os atenden.



PERSÉPOLIS. Satrapi, Marjane. É a historia autobiográfica da iraniana Marjane Satrapi, a historia de como creceu nun réxime fundamentalista islámico que a acabaría levando a abandonar o seu país.

AYA DE YOPOUGON. Abouet- Oubrierie. Móstranos o día a día da xente de África, onde non todo é guerra e violencia, onde tamén hai un espazo para divertirse e vivir en paz, cos pequenos problemas de cada día.

